



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Allegue Agüete, Pilar
Álvarez Rodríguez, Pablo
Barreiro Blas, Antonio
Fernández Fernández, Federico A.
González Crespán, Araceli
González Pillado, Esther M^a.
Macías Cambra, Enrique
Montero Muñoz, María

DESCULPA ASISTENCIA

Gil Villanueva, José M^a
Varela Martínez, Iago

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 17 de xuño de dous mil nove ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda.

O mércores, día **17 de xuño de 2009**, ás **10:10** horas, na Sala de Xuntas da Xerencia, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 13 de febreiro de 2009.
2. Decisión sobre a reclamación presentada pola Delegación de Alumnos da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte sobre o calendario electoral para eleccións á xunta de centro de dita facultade.
3. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 13 de febreiro de 2009.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Decisión sobre a reclamación presentada pola Delegación de Alumnos da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte sobre o calendario electoral para eleccións á xunta de centro de dita facultade.

A Secretaria Xeral explica os feitos acontecidos, que resumidamente supoñen que o Decano da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte convoca eleccións a membros de Xunta de Centro, Xunta de Titulación de Mestre e do consello de titulación da Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Pontevedra co calendario que se adxunta á convocatoria desta Comisión, e que supón que as eleccións se celebrarán o 2 de xullo. Ante esta situación, a Delegación de alumnos da Facultade de Ciencias da Educación presenta recurso, no que, tendo en conta a limitación do dereito de participación que aparece recollido nos Estatutos da Universidade, solicitan que o proceso electoral se pospoña ata o inicio do curso académico para permitir unha participación axeitada dos alumnos.

Engade a Secretaria Xeral que hai un defecto no escrito presentado pola Delegación de alumnos porque non está asinado por ninguén. Este feito foi comunicado á Delegación de alumnos para que o corrixa nun prazo de dez días, de non facerse así, decae a petición. Polo tanto, a decisión que se adopte nesta comisión (convocada nesta data por razóns de urxencia) estará condicionada a que os alumnos, antes do día 19 de xuño, presenten o escrito asinado.

Solicitado informe á Asesoría Xurídica da Universidade esta pon de manifesto que a convocatoria se fai en período lectivo, aínda que efectivamente debe terse en conta o dereito de participación dos alumnos, pero considera que é a Comisión Electoral a que debe valorar e tomar unha decisión ao respecto.

O anterior, é o que motiva a convocatoria desta Comisión electoral.

Ábrese un debate sobre o tema da limitación do dereito de participación dos alumnos no que interveñen todos os asistentes á sesión, poñéndose de manifesto o acordo de todos sobre a conveniencia de retrasar as eleccións.

Polo tanto, acórdase o retraso das eleccións por asentimento pero débatese sobre a data concreta na que debe iniciarse o proceso electoral tendo en conta as variacións que pode haber nos censos nun momento ou noutro, sobre todo en relación aos alumnos e aos profesores que rematan os seus contratos o día 30 de setembro.

Valorados os pros e os contras das distintas datas da convocatoria, acórdase por asentimento o seguinte:

- Retrasar a convocatoria das eleccións de xeito que o procedemento se inicie o día 1 de outubro.
- Acordo que estará condicionado a que os alumnos presenten o seu recurso asinado.

Finalmente, ponse de manifesto a preocupación por parte dos membros da Comisión sobre o funcionamento ordinario do Centro, tendo en conta o informe do Consello Consultivo da Xunta e a resolución reitoral, se roga que a Asesoría Xurídica da Universidade aclare se a Xunta de Facultade actual pode seguir actuando como órgano de goberno do centro.

Punto 3. Rogos e preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:40 horas do día 17 de xuño de 2009 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe da presidenta da Comisión Electoral.

A presidenta da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

María Montero Muñoz

Esther M^a González Pillado